

MUVERS!

^ *activ@* + *saudable* ☺ *happy*



Memoria de actividades
deportivas e saudables
2018/2019



Máis información en uvigo.gal/deporte



Índice

- 1. Actividades nas instalacións propias*
- 2. Actividades na natureza*
- 3. Competicións universitarias*
- 4. Seccións federadas*
- 5. Promoción da saúde*
- 6. Eventos*
- 7. Actividades de formación e divulgación*
- 8. Outras actuacións*
- 9. Alianzas*
- 10. Instalacións deportivas*
- 11. Comunicación e redes sociais*
- 12. Archivo de prensa*



ACTIVIDADES NAS
INSTALACIONES
PROPIAS


1.1 Persoas abonadas

O bono Muver da Área de Benestar, Saúde e Deporte proporciona acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, ademais de permitir gozar de descontos noutras moitas actividades e servizos de pago.

Durante o curso 2018/2019 houbo unha media mensual de 1588 persoas aboadas entre os tres campus.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Media mensual de Muvers	354	260	614	237	206	443	363	169	532	953	635	1588
%	58	42	39	53	47	28	68	32	33	59,8	40,02	100

A distribución entre homes e mulleres foi de 59,81% homes e 40,19% mulleres. A evolución global da participación ao longo do curso en cada campus foi a seguinte.



Ademais das persoas con Abono Muver, houbo outras 56 persoas (36 homes e 20 mulleres) que adquiriron un abono básico que da acceso soamente ao uso de vestiarios, armarios e pista de atletismo.

1.2 Uso libre

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte son o fitness e o running con preto de 3500 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de usos destaca a presenza masculina con taxas de máis do 70 % mentres que as mulleres mostra preferencia polas actividades dirixidas. É preciso destacar o notable incremento do uso libre do muro de escalada neste curso académico como consecuencia da mellora e ampliación desta instalación así como da colaboración co Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia para a dinamización desta modalidade deportiva.

	<i>Ourense</i>			<i>Pontevedra</i>			<i>Vigo</i>			<i>Conxunto Uvigo</i>		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Escalada	-	-	0	-	-	0	67	36	103	67	36	103
Fitness	657	429	1086	348	294	642	621	265	886	1626	988	2614
Running	548	130	678	-	-	0	116	34	150	664	164	828
Total	1205	559	1764	548	130	678	804	335	1139	2557	1024	3581
%	68,3	31,7	49,3	80,8	19,2	18,9	70,6	29,4	31,8	71,4	28,6	100

1.3 Actividades dirixidas

Entre as actividades dirixidas incluídas de balde no Abono Mover atopamos como as máis populares o circuit fit, o crosstraining, o ioga ou ciclo indoor. A presenza feminina é maioritaria nestas actividades chegando a case o 70 % das persoas participantes.

	<i>Ourense</i>			<i>Pontevedra</i>			<i>Vigo</i>			<i>Conxunto Uvigo</i>		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Adestramento persoal	18	25	43	4	19	23	6	8	14	28	52	80
Benestar integral chan pelviano	1	21	22	-	-	0	1	19	20	2	40	42
Ciclo Indoor	15	42	57	13	60	73	-	-	0	28	102	130
Circuit fit-crosstraining	43	22	65	20	54	74	57	38	97	122	114	236
Ioga	4	31	35	-	-	0	22	75	97	26	106	132
Pilates	-	-	0	6	68	74	-	-	0	6	68	74
Total body	18	58	76	-	-	0	-	-	0	18	58	76
Zumba	30	53	83	-	-	0	-	-	0	30	53	83
Total	129	252	381	43	201	244	88	140	228	260	593	853
%	33,8	66,1	44,6	17,6	82,3	28,6	38,6	61,4	26,7	30,4	69,5	100

1.4 Escolas de iniciación deportiva

A Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu durante o curso 2018/2019 nos seus campus universitarios varias escolas, obradoiros e cursos de iniciación a diferentes modalidades deportivas como poden ser o tenis, a natación, o xadrez ou o rugby, entre outras.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Bádminton	5	3	8	10	5	15	8	8	16	23	16	39
Balonmán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Defensa persoal	0	9	9	0	0	0	24	24	48	24	33	57
Escalada	0	0	0	0	0	0	21	11	32	21	11	32
Fútbol Gaélico	16	14	30	0	0	0	0	0	0	16	14	30
MMA- artes marciais mixtas	19	9	28	0	0	0	0	0	0	19	9	28
Natación	3	3	6	0	0	0	12	10	22	15	13	28
Orientación	0	0	0	0	0	0	3	1	4	3	1	4
Roller derby	0	6	6	0	0	0	0	0	0	0	6	6
Rugby	2	1	3	0	0	0	0	0	0	2	1	3
Tenis	30	17	47	0	0	0	24	15	39	54	32	86
Tenis infantil	16	6	22	0	0	0	0	0	0	16	6	22
Voleibol	14	27	41	0	0	0	0	0	0	14	27	41
Xadrez	12	3	15	7	0	7	1	0	1	9	1	10
Total	106	96	202	17	5	22	93	69	162	216	170	386
%	52,48	47,52	52,33	77,27	22,73	5,70	57,41	42,59	41,97	55,96	44,04	100







ACTIVIDADES
NA NATUREZA

Durante este curso leváronse a cabo distintos tipos de programas de actividades físico-deportivas no medio natural que xa veñen sendo tradicionais. Estas actividades realizáronse en colaboración con empresas especializadas do sector.

2.1 Rutas Culturais

Ao longo de todo o curso organizáronse once rutas de sendeirismo con diversos niveis de dificultade. As Rutas Culturais están dirixidas a todas aquelas persoas interesadas tanto no exercicio físico en si como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico. Estes percorridos, deseñados orixinariamente para a comunidade universitaria, ampliáronse ao público en xeral. Ademais, os participantes dispuxeron dun servizo de autobús para facilitar o desprazamento desde os campus de orixe ata o lugar de saída e regreso.

A participación global rexistrada foi de 732 inscricións, das cales 433 foron mulleres e 299 homes.

<i>Ruta e data</i>	H	M	T
RUTA 1 Historia e saúde - Baños de Molgas (Ourense), 20/10/2018	27	33	60
RUTA 2 Auga e Pedra- Meis (Pontevedra), 10/11/2018	15	18	33
RUTA 3 Viño e paisaxe - Castro Caldelas (Ourense), 15/11/2018	22	44	66
RUTA 4 Micoloxía e magosto - Nogueira de Ramuín (Ourense), 15/12/2018	30	41	71
RUTA 5 Fortaleza do baixo Miño (Pontevedra) 12/01/2019	27	37	64
RUTA 6 Ciclo Montaña I- Serra do Faro (Lugo), 26/01/2019	30	35	65
RUTA 7 Ciclo de Montaña II- Castro Leboreiro (Portugal), 9/02/2019	37	25	62
RUTA 8 Recordos e lembranzas (Ourense), 23/02/2019	25	31	56
RUTA 9 Da montaña ao mar 2- Pasarela do Paiva, Aveiro (Portugal), 6/03/2019	49	100	149
RUTA 10 Da montaña ao mar 3- Ruta dos faros, Laxe (A Coruña), 06/04/2019	33	55	88
RUTA 11 Fin de semana na reserva da biosfera Área de Allariz (Ourense), 04-05/05/2019	4	14	18
TOTAL	299	433	732



2.2 Augaventura Campus Mar Life

As actividades deste programa presentáronse un ano máis coa intención de servir de estímulo para achegarse á práctica deportiva.

O programa desenvolveuse por oitavo ano consecutivo en colaboración co Campus do Mar. Como nas edicións anteriores, desenvolveuse en dúas quendas, unha en outono e outra en primavera.

En total participaron 301 persoas, 172 homes e 129 mulleres.

	<i>Outono</i>		<i>Primavera</i>		T
	M	F	M	F	
Flyboard	16	4	10	7	37
Kaiak + Snorquel + Andaina	12	7	11	14	44
Rafting	17	3	34	26	80
Surf	21	19	27	32	99
Windsurf			7	8	15
Wakeboard	10	6	7	3	26
Paddlesurf	0	0	0	0	0
Mergullo	13	10	9	5	37
TOTAL	89	49	105	95	338

2.3 Programa Delecer

A comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS) puido gozar este curso de tres actividades co lema “Deporte para o tempo libre”. Os deportes incluídos no programa foron marcha nórdica, pontismo e parapente.

Finalmente, 40 persoas participaron no mesmo, das cales 23 foron homes e 17 mulleres.

2.4 Outras

- Cursos de escalada xuvenil en rocódromo para fillas e fillos da comunidade universitaria da man do Club Peña Trevinca ao longo de todo curso escolar.
- Campamento de San Bernardo, patrón dos montañeiros, os días 29 e 30 de xuño no que puideron participar os fillos e fillas da comunidade universitaria. Na mesma subiron ao Monte Pindo e visitaron a ferverza do Ézaro, para logo desprazarse a Mazaricos, ademais dunha actividade con kaiak no encoro da Ferverza.





COMPETICIÓN
UNIVERSITARIAS

3.1. Competicións Internas

3.1.1 Ligas Universitarias

3.1.1.1 Fase Previa

Ourense	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Fútbol 7 mixto	3	46	0	90+ carillas
	Fútbol sala mixto	13	112	0	Con Patatas Fs
	Baloncesto mixto	4	33	0	7Stars
	Total	20	191	0	

Pontevedra	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Fútbol sala masculino	5	50	0	Ítaca Copas
	Fútbol 7 mixto	9	114	2	Esfinter de Milán
	Voleibol mixto	2	14	7	El Rey Belén
	Total	16	178	9	

Vigo	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Baloncesto mixto	9	96	12	Bacallaos
	Fútbol sala feminino	3	-	36	Parrulas
	Fútbol sala masculino	16	192	0	Levante Las Palmas
	Fútbol 7 mixto	24	375	9	Roma Senza Pietá
	Tenis	16	12	4	David Conde
	Voleibol mixto	3	26	10	Tercera Matrícula
	TOTAL	71	701	71	

3.1.1.2 Final Intercampus

Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
		H	M	
Baloncesto masculino	4	48	-	Vigo 1
Fútbol sala masculino	4	48	-	Vigo 2
Fútbol 11 masculino	4	64	-	Vigo 1
Rugby masculino	3	36	-	Ourense
Voleibol mixto	3	24	12	Ourense
TOTAL	21	220	48	

3.1.2 Copa Fair Play

Ourense	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Fútbol 7	2	42	0	Aerosasuna
	Fútbol sala	11	111	0	Os fillos do cura
	Baloncesto	4	47	0	Teamm Uni
	TOTAL	17	200	0	

Pontevedra	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Fútbol sala masculino	5	50	0	Ítaca Copas
	Fútbol 7 mixto	10	124	2	Minesota de Bastos
	TOTAL	15	174	2	

Vigo	Modalidade	Nº equipos	Participantes		Equipo gañador
			H	M	
	Baloncesto	8	80	16	Bacallaos BC
	Fútbol sala masculino	16	192	-	Discavi FutSal
	Fútbol 7 masculino	24	384	-	Birrarreal
	TOTAL	48	656	16	

3.1.3 Campionatos individuais

3.1.3.2. Tenis

<i>Categoría</i>	<i>Participante</i>	<i>Posto</i>
Federados masculino	Iago Salvador	1º
	David Conde	2º
Federadas feminino	Marta Saburido	1º
	Antía Sanjuan	2º
Non federados	Enrique Paz	1º
	Joaquín López	2º

3.1.3.3. Pádel

<i>Campións</i>	David Mein
	Ignacio Santamaría
<i>Subcampioas</i>	Marta Saburido
	Patricia Vilas



3.2. Campionatos Galegos Universitarios

3.2.1. Deportes colectivos

Os campionatos reuniron en Lugo preto de 600 deportistas, 180 procedentes dos diferentes equipos da Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo proclamouse a gran vencedora en Lugo ao acadar sete medallas de ouro e tres pratas.

<i>Modalidade</i>	<i>Participantes</i>		<i>Clasificación Uvigo</i>
	H	M	
Baloncesto masculino	36	-	2º
Baloncesto feminino	-	36	1º
Balónmán masculino	42	-	1º
Balónmán feminino	-	42	1º
Fútbol masculino	48	-	1º
Fútbol 7 feminino	-	36	1º
Fútbol sala masculino	36	-	
Fútbol sala feminino	-	36	1º
Rugby 7 masculino	36	-	-
Rugby 7 feminino	-	24	-
Voleibol masculino	36	-	2º
Voleibol feminino	-	36	1º
TOTAL	234	210	3º

3.2.2. Natación

Este ano, os Campionatos Galegos Universitarios de Natación celebráronse na Universidade da Coruña. Nesta cita, participaron 56 nadadores/as das tres universidades galegas acompañados por técnicos e técnicas dos seus respectivos servizos de deportes.

<i>Universidade</i>	<i>Participantes</i>	
	H	M
UDC	5	10
USC	16	12
UVI	9	4

No conxunto da competición, o equipo gañador foi o da Universidade de Santiago de Compostela, seguido polo da Universidade da Coruña e finalmente o da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo conseguiu a medalla de ouro nas seguintes probas:

<i>50 m Braza masculino</i>	Juan David Hernández Niño
<i>50 m Libre masculino</i>	Enol Valdés Rey
<i>100 m Costas feminino</i>	Rosalía Valdes Lomba
<i>100 m Libre masculino</i>	Enol Valdés Rey
<i>100 m Libre feminino</i>	Alba Gómez Mesías
<i>100 m Estilos feminino</i>	Alba Gómez Mesías

3.2.3. Orientación

O sábado 4 de maio a localidade de Cenlle acolleu o Campionato Galego Universitario de Orientación, organizado pola Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo.

O equipo da Universidade de Vigo contou con sete deportistas participantes. Os resultados dos participantes da Uvigo foron os seguintes:

<i>Campiona galega universitaria feminina</i>	Teresa Bellón
<i>Subcampiona galega universitaria feminina</i>	Isabel Pastoriza
<i>Campión galego universitario masculino</i>	Vicente Pastoriza
<i>Subcampión galego universitario masculino</i>	Germán Pérez
<i>5º na clasificación xeral masculina</i>	Jorge Pérez
<i>8º na clasificación xeral masculina</i>	Enrique Blanco
<i>10ª na clasificación xeral feminina</i>	Lorena Novas

As boas posicións do equipo permitiron que a UVigo gañara o ouro na clasificación xeral, impoñéndose ás outras dúas universidades galegas, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña.

3.3. Campionatos de España

Un total de 125 deportistas (69 mulleres e 56 homes) representaron á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios, nos que acadaron un total de 13 medallas individuais. Na clasificación final por equipos, a Universidade de Vigo logrou tres medallas: ouro en balonmán feminino, prata en loitas olímpicas e bronce en vela.

3.3.1 Modalidade de participación individual

Categoría	Organizadora	Datas	Participantes Uvigo	
			H	M
Atletismo	U. Jaume I	03-05/05/2019	5	5
Bádminton	U. Miguel Hernández	09-11/04/2019	3	1
Baloncesto	U. Miguel Hernández	01-05/04/2019	0	12
Balonmán	U. Valencia	31/03/2019-04/04/19	12	14
Campo a través	U. Cardenal Herrera	02-02/03/2019	1	0
Esgrima	U. San Pablo CEU	05-07/04/2019	0	1
Fútbol	U. Jaume I	06-10/05/2019	18	14
Fútbol Sala	U. Alacant	08-12/04/2019	0	12
Judo	U. Politécnica Valencia	10-11/05/2019	4	0
Loitas Olímpicas	U. Murcia	11-12/04/2019	3	3
Natación	U. Cardenal Herrera	22-24/04/2019	1	1
Orientación	U. Valencia	6-8/05/2019	0	1
Taekwondo	U. Jaume I	03-04/05/2019	4	3
Tenis	U. Alacant	08-11/04/2019	1	0
Triatlón	U. Valencia	10-11/05/2019	0	1
Vela	U. Politécnica Valencia	08-11/04/2019	4	1

Medallistas Individuais Vigo CEU 2018

Cómez Cortés, Beatriz	Natación	Ouro 200 estilos
Pérez Ogando, Xiana	Esgrima	Bronce en florete
Brea Filloy, Manuel	Bádminton	Prata Individual
Fernández Barbosa, Leticia	Atletismo	Prata 1500 ml
Meaños Asensi, Raquel	Atletismo	Ouro 800 ml
Paredes Padín, Sergio	Atletismo	Bronce martelo
Pereira Amorín, Brais	Iudo	Bronce - 90kg
Fernández Mosocos, Anxo	Iudo	Bronce - 100kg
García Vidal, Myriam	Taekwondo	Bronce -62 kg
Losada García, Alejandro	Taekwondo	Ouro poomsae individual e parella mixta
Vázquez Hermida, Laura	Taekwondo	Ouro poomsae parella mixta
Lalín Canda, Noelia	Loita	Ouro -75 Kg
Alves Pereira, Cristina	Loita	Prata -51 Kg
García García, Pablo	Loita	Ouro - 80kg
Pampín Blanco, Nerea	Loita	Prata -75kg

Medallas Equipos Vigo CEU 2018

Equipo	Loitas olímpicas	Prata
Equipo	Balónmán feminino	Ouro
Equipo	Vela	Bronce

3.4. *Universiada*

A Universidade de Vigo tivo dous representantes de taekwondo na Universiada celebrada en Nápoles Alejandro Losada participou na modalidade de poomsae e Iván García en combate, confirmando así un ano deportivo cheo de magníficos resultados.

3.5. *XXXII Xogos deportivos universitarios galaico - durienses*

28 Deportistas da Universidade de Vigo participaron o 20 e 21 de novembro de 2018 nos XXXII Xogos Galaico Durienses, que nesta edición se celebraron na cidade portuguesa de Braga (Universidade de Minho). A cita reuniu ás tres universidades galegas e ás universidades de Porto, Minho e Trás-os-Montes e Alto Douro.

A delegación da Universidade de Vigo estivo composta por equipos de natación, fútbol sala mixto e baloncesto 3X3 masculino e feminino.

Clasificación da Uvigo:


- Natación: 1º posto.
- Fútbol sala mixto: 3º posto.
- Baloncesto 3X3 masculino: 3º posto
- Baloncesto 3X3 feminino: 4º posto.

Clasificación final por universidades:

<i>Clasificación</i>	<i>Universidade</i>
1º	Universidade de Minho
2º	Universidade do Porto
3º	Universidade de Vigo

3.6. *Campionatos do Mundo*

Iván García, estudante da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, foi seleccionado por parte da federación como un dos integrantes do equipo co que España compite no Campionato do Mundo de Taekwondo absoluto, que se desenvolveu en Manchester desde o 15 ata o 19 de maio de 2019. Participou por primeira vez no Campionato do Mundo na modalidade de -87 quilos e chegou a oitavos de final na competición.



SECCIÓNS
FEDERADAS
PROPIAS E CLUBS
VENCELLADOS

4.1. Campus de Ourense

4.1.1 Club Deportivo Dereito - Empresariais de Tenis (acordo de colaboración)

Adestradores

Carlos Francisco Carreira Cruz

Pablo Mosquera Pérez

Manuel Quiroga Pérez

Ricardo Álvarez Pérez

Licenzas

33 (31 homes e 2 mulleres)

Equipos

Equipo absoluto masculino: participou no CPTO. De España de 3ª División

Equipo absoluto masculino A: participou na división de honra prata da FGT

Equipo absoluto masculino B: participou na segunda división da FGT

Equipo veterano +35 masculino: participou na primeira división da FGT

Equipo veterano +45 masculino: subcampión da primeira división Galega e ascendeu a división de honra

4.1.2 Sección federada de baloncesto

Equipo Campus Ourense feminino

Categoría: 1º División Autonómica

Adestradora: María Álvarez Estévez

Número de xogadoras: 11

Clasificación final: segundo clasificado na 1ª División Autonómica.

Equipo Campus Ourense masculino

Categoría: 2ª División Autonómica 1ª Fase-Grupo Sur

Adestrador: Xosé Anxo Sánchez Yáñez

Número de xogadores: 11

Delegado: Juan Manuel Sánchez Galván

Clasificación final: campión do Grupo Sur. 5º clasificado en fase de ascenso

Equipo Junior Campus Ourense masculino

Categoría: 1ª División Junior

4.1.3. Club Xadrez Campus de Ourense

(acordo de colaboración)

Adestrador

Lino Hermida Araújo

Licenzas

46

Liga Galega de Xadrez

Equipo universitario de Ourense A: oitavos no Grupo C da Primeira División

Equipo universitario de Ourense B: oitavos no Grupo F da Segunda División

Equipo universitario de Ourense C: sexto no Grupo H da Terceira División

Copa Galicia

Universitario de Ourense Júnior: 8º clasificado

Universitario de Ourense Maiores: 18º clasificado

4.1.4. Club Campus Ourense Coosur de rugby

(acordo de colaboración)

Adestradores

David Monreal Izquierdo, *adestrador equipo sénior masculino*

Julio Lamana Soria, *adestrador equipo feminino*

Americo José Oliveira Gomes, *adestrador equipo sub-14*

Marcos Dacosta Suárez, *responsable das categorías inferiores*

Licenzas

135 (109 masculinas e 26 femininas)

Resultados finais

Categoría Sénior masculina «A»: 3º clasificado en DHB. Xogando fase de ascenso para división de honra. Campión da Copa Xunta

Categoría Sénior masculina «B»: 6º clasificado. 6º da Copa Xunta

Categoría Sub 18: 2º clasificado na liga

Categoría Sub 16: 5º clasificado. 6º clasificado na Copa Xunta

Categoría Sub 14: 4º clasificado na Liga Galega Sur. 8º na Copa Xunta

4.2. Campus de Pontevedra

4.2.1. Escola de Xadrez Pontevedra - Universidade de Vigo (acordo de colaboración)

Adestradores

Pablo García Castro, *Mestre Internacional, FIDE Trainer, Organizador Internacional*

Daniel Rivera Kuzawka, *Mestre Internacional, FIDE Trainer*

Miguel Palacios González, *Monitor de base*

Licenzas

Total de 230, das cales 171 masculinas e 59 femininas; 55 Sénior e 175 de base, sub 18

Resultados finais

Autonómicos

Liga Galega 2019: 11 equipos nas diferentes categorías

Equipo «Xadrez: Estratexia pola Paz»: campión autonómico. Quintotítulo na máxima categoría do xadrez galego

Equipo «Ramón Escudeiro Tilve»: 4^o posto na Primeira División

Equipo «Concello de Pontevedra»: 5^o posto na Primeira División

Campionatos Galegos Individuais

Rubén Fernández: Campión Galego Sub14

Carmen Portela: sétima clasificada Sub14

Internacionais

Resultados dos integrantes do equipo Universidade de Vigo-Escola Xadrez Pontevedra en competicións internacionais valedoiras para a clasificación mundial rexistrada pola Federación Internacional de Xadrez.

Número de xogadores en competicións oficiais: 143

Numero de competicións internacionais con representantes da UVigo: 46

	Elo Xaneiro	Elo Novembro	Variación anual
Manuel Pena Gómez Deportista masculino con mellor clasificación mundial	2.493	2.496	+3
José Francisco Veiga Neves <i>Xuvenil con mellor clasificación mundial</i>	2.222	2.305	+83
Carmen Portela Medraño <i>Deportista feminina con mellor clasificación mundial</i>	1.326	1.252	-74
Joaquín Alonso Pacheco <i>Deportista co maior ascenso na clasificación mundial</i>	1.246	1.439	+193

Competicións internacionais organizadas

VI Torneo Internacional Cidade de Pontevedra

O Torneo Internacional Cidade de Pontevedra, que é unha competición oficial recollida no calendario da Federación Internacional de Xadrez, foi disputado do 8 ao 14 de agosto de 2018 nas instalacións polideportivas do colexio Los Sauces Pontevedra. 191 participantes de 19 nacionalidades diferentes acudiron a este torneo.

O Torneo Cidade de Pontevedra mantense como a proba oficial, valedoira para a clasificación internacional de maior nivel e número de participantes, nunca antes organizada en Galicia.

Outros feitos relevantes

Proxecto solidario “Xadrez: Estratexia pola Paz”

Este ano continuou levándose a cabo o proxecto solidario “Xadrez, Estratexia pola Paz” en colaboración con ACNUR, UNICEF e co apoio da comunidade xadrecista e da cidade de Pontevedra.

Balance:

- “Xadrez: Estratexia pola Paz” cumpre 4 anos colaborando con ACNUR, UNICEF, CARE, Relief International nos campamentos de refuxiados sirios en Xordania (Azraq e Zaatari)
- O acceso aos Makani Center en 2019 representa un maior achegamento ao pobo sirio, ao permitírnos traballar directamente en centros autoxestionados polas persoas refuxiadas

<i>Azraq</i>					
Ano	Entidade	Centros	Nº nenas/os	Adultos	Total
2019	UNICEF: Makani	Villas nº 2, 3, 6	791	34	815
	ACNUR: Care	Villas nº 2, 3	92	43	135
					2442

<i>Zaatari</i>					
Ano	Entidade	Centros	Nº nenas/os	Adultos	Total
2019	UNICEF: Makani	3, 4, 5, 8, 9, 12	543	38	581
					581

4.3. Campus de Vigo

4.3.1. Kaleido Universidade de Vigo de rugby (acordo de colaboración)

Adestradores

Adrián Lago, *Liga nacional de División de Honra masculina*

Dimas Lárez, *Liga galega feminina*

Darío Rodríguez Madriñán, *Liga galega de segunda división masculina*

José Marría Fernández, *Liga galega mixta sub-18*

Koldo Barandiarán, *Liga galega mixta sub-16*

Javier Abadía e Carlos Dávila, *Liga Galega mixta sub-14 (dos equipos)*

Óscar Ferreras, *Director Escola*

Equipos no resto de categorías para a disputa de distintos torneos (sub-6, sub-8, sub-10, sub-12).

Nº total de licenzas

En total houbo 255 licenzas das cales: Sénior masculinas 57, categorías inferiores masculinas 138, sénior femininas 24, categorías inferiores femininas 12, licenzas de delegados 10, de adestradores 13 e de árbitro 1.

Resultados finais

Equipo sénior masculino: División de Honra B, 11º posto. Descenso a liga galega.

Equipo absoluto feminino de liga galega: 3º posto na liga rexional galega, 3º posto na fase clasificatoria para o ascenso (non optou á fase de ascenso a División de Honra).

Equipo sub-16: campión da liga galega.

Equipo sub-14: campión da liga galega.

Equipo sub-18: subcampión da liga galega.

4.3.2. Sección federada de tenis

C.D.Universidade de Vigo

Adestrador

Jorge Comesaña Comesaña, monitor nacional.

Nº de licenzas sénior

24 masculinas e 11 femininas.

Participación en competicións autonómicas

Campionato galego por equipos masculinos e femininos

División prata e primeira masculina

División honra B feminina

Campionato galego por equipos veteranos +35

División honra

Resultados salientables

Permanencia e semifinalista en División de Honra feminino

Permanencia na primeira división masculino

Cuarto finalistas na división honra veteranos +35

Outros feitos relevantes

Resultados individuais

Pablo León	Mellor clasificación, 1º España +45 Campión +35 Open Semana Santa Ureca Finalista abs Open Semana Santa Ureca Campión +30 V Torneo Cocido Lalín Campión +45 V Torneo Cocido Lalin Campión +35 20 Torneo de Invierno CCD Sanxenxo Campión +45 IV Circuito de Tenis Concello de Vigo Campión +35 IV Circuito de Tenis Concello de Vigo
Alfonso Santos	Finalista IV +35 Circuito de Tenis Concello de Vigo
Marta Saburido	Campioa XXIII Campionato Universidade de Vigo
David Conde	Finalista XXIII Campionato Universidade de Vigo

4.3.3. Carreiras de orientación

Adestrador

José Luís Armada Luaces

Nº de licenzas

35 (12 femininas e 23 masculinas)

Participación en competicións autonómicas

Liga Galega de Orientación

Carreiras de Opé

Carreiras de MTB

Duatlón

Raid

Participación na 1ª liga interrexional Galicia, norte de Portugal.

Participación en competicións estatais e outras

Marzo: City Race (Lisboa)

Abril: Campeonato España absoluto. (Asturias)

Mai: CGU orientación.

Resultados relevantes

Campionato Galego Universitario:

Teresa Bellón, 1ª clasificada.

Isabel Pastoriza, 2ª clasificada.

Vicente Pastoriza, 1º clasificado.

Germán Pérez, 2º clasificado.

Clasificación por universidades no Campionato Galego de Orientación

UVigo: 1ª clasificada

USC: 2ª clasificada

UDC: 2ª clasificada

Otras actividades

Xuño: actividade descubriendo o norte, centros educativos CEP Sabarís, CEIP Sardoma-Moledo

Xuño: XVIII Trofeo Universidade de Vigo, trofeo Vila de Cangas de orientación.

4.3.4. Carreiras populares

Adestrador

Jorge Castro Castro

Licenzas

14 sénior masculinas e 1 sénior feminina.

Participación

09/09/2018	Carreira de Meaño
16/09/2018	10k Berbés (2 participantes)
22/09/2018	Moaña
23/09/2018	7k Desafío Islas Cíes
30/09/2018I	I Trail Urbano Muralhas de Monção (3º Senior masculino)
30/09/2018	V Edición de 21k Costa da Vela (2 participantes)
07/10/2018	15k Atlántico
07/10/2018	V Trail de Arcos (trail corto) (3º Senior masculino)
21/10/2018	Vigo contra el Cáncer
21/10/2018	Medio Maratón de Pontevedra
28/10/2018	Pedestre de Santiago (3 participantes)
28/10/2018	10k Esclerosis Vigo
03/11/2018	Urban trail night Eurocidade
10/11/2018	II Trail Orixes Mondariz
11/11/2018	Vigo+II (2 participantes)
18/11/2018	San Martiño Ourense
25/11/2018	V Trail do Trega (Mergelina) (3º Absoluto)
25/11/2018	Medio Maratón de Vilagarcía de Arousa
30/11/2018	Carrera de Santa Bárbara (4 participantes)
01/12/2018	Carreira Nocturna de Bembrive
02/12/2018	Campus Terra Lugo (4 participantes)
08/12/2018	Invasión Celeste
31/12/2018	San Silvestre Vigo
31/12/2018	San Silvestre Las Palmas

Memoria de actividades deportivas e saudables 2018 - 2019

31/12/2018	San Silvestre de Coruña
13/01/2019	IV Trail dos Penedos
20/01/2019	Meia Maratona Manuela Machado (Viana do Castelo)(3 participantes)
27/01/2019	13º Subida o Castro (3 participantes)
03/02/2019	Galiexpo Running-IFEVI
10/02/2019	Carrera 5+5 Calvario 2019 (2 participantes)
17/02/2019	I Trail do Eifonso (2 participantes)
24/02/2019	I Carrera popular 10K de Teis
10/03/2019	IV Trail Montes de Couzadoiro (Ortigueira A Coruña)
17/03/2019	XIII 10k de Porriño (3 participantes)
24/03/2019	Trail Desafio Oia
31/03/2019	IV Érguete e Corre (2 participantes)
07/04/2019	XX Medio maratón Gran Bahía Vig-Bay EDP (6 participantes)
27/04/2019	Happy Go Running (6 participantes)(1º Universitario masculino. MMP)
05/05/201	Carreira de Moaña
05/05/2019	VII Corre X Salceda
19/05/2019	10k Samil
19/05/2019	Trail desafio solidario San Mamede
19/05/2019	Trail do Caolín ao Fuciño do Porco (O Vicedo Lugo)
08/06/2019	VII Carrera de los valientes - Nocturna correndo por Vigo (As Travesas)(4 participantes)
23/06/2019	San Juan (2 participantes)
09/06/2019	I Trail 3 Ríos de Arbo (1º Senior masculino)
30/06/2019	Porriño As Aguiñas
07/07/2019	Carreira Popular Concello de Cambados (2 participantes)
13/07/2019	Redondela
13/07/2019	6 Horas Vila do Corpus 2019
14/07/2019	O Rosal
21/07/2019	Moraña 10k
28/07/2019	16k Salvaterra-Ponteareas
28/07/2019	IV carreira Ribeira do Tea
18/08/2019	10k Baiona

4.4. Participación da comunidade universitaria nos equipos federados propios ou dos clubs con convenio de colaboración

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Atletismo	1	1	2	0	0	0	13	2	15	14	3	17
Baloncesto	2	4	6	0	0	0	0	1	1	2	5	7
Balonmán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Escalada e montañismo	0	0	0	0	0	0	10	7	17	10	7	17
Fútbol gaélico	2	5	7	0	0	0	0	0	0	2	5	7
Fútbol sala	0	0	0	0	0	0	15	2	17	15	2	17
Natación	2	2	4	0	0	0	0	0	0	2	2	4
Orientación	0	0	0	10	3	13	4	2	6	14	5	19
Roller Derby	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Rugby	3	4	7	0	0	0	16	6	22	19	10	29
Tenis	4	1	5	0	0	0	10	4	14	14	5	19
Voleibol	0	8	8	0	0	0	0	0	0	0	8	8
Xadrez	11	2	13	0	0	0	3	0	3	14	2	16
TOTAL	25	28	53	10	3	13	71	24	95	106	55	161
%	47,17	52,83	32,92	76,92	23,08	8,07	74,74	25,26	59,01	65,64	34,16	100



PROMOCIÓN
DA SAÚDE

5.1. Medicina deportiva

A Unidade de Medicina Deportiva atende dúas liñas prioritarias de actuación: a análise do risco cardiovascular e o asesoramento de todas as persoas usuarias que vaian a comezar un programa de práctica de exercicio físico na Área de Benestar, Saúde e Deporte e a prestación de servizos específicos de medicina deportiva para calquera persoa pertencente á comunidade universitaria que así o solicite.

Cuestionarios de aptitude para o exercicio

Segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 553 persoas (o 14,87 % do total) amosou sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio como se pode observar na seguinte táboa:

	Risco moderado ou alto			Risco baixo			Sen risco			TOTAL	
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F
Idade media	32,3	27,7	29,5	33,0	29,3	30,9	26,5	28,1	27,2	26,3	28,2
Cuestionarios	208	345	553	357	473	830	1395	940	2335	1960	1758
%	5,59	9,28	14,87	9,60	12,72	22,32	37,52	25,28	62,8	52,72	42,72

Campanña “Como estás corazón?”

Debido a esta porcentaxe de persoas que amosaban sinais dun risco alto ou moderado para a práctica de exercicio físico desenvolveuse unha campaña específica nos tres campus entre os meses de febreiro e marzo para, a través dunha consulta médica gratuíta, aclarar a situación de saúde destas persoas usuarias para garantir a seguridade da súa práctica deportiva. Os resultados desta campaña foron os seguintes:

	Risco moderado ou alto			Risco baixo			Sen risco			TOTAL		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Nº de persoas	4	1	5	4	5	9	14	16	30	22	22	5
%	80,0	20,0	11,3	44,4	55,5	20,4	46,6	53,3	68,1	50	50	100

Servizos

A demanda de servizos de medicina deportiva e de valoración da condición física saudable experimentou un considerable incremento debido fundamentalmente ao cambio de localización da báscula de composición corporal no campus de Vigo que achegou máis este servizo ás persoas usuarias e ampliou a súa dispoñibilidade de xeito moi importante.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo	
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F
Antropometría	-	-	0	-	-	0	164	55	219	164	55
Consulta dietética	1	6	7	1	3	4	2	3	5	4	12
Consulta informativa	10	7	17	2	20	22	26	19	45	38	46
Revisión médico deportiva básica	10	9	19	1	3	4	6	2	8	17	14
Proba de esforzo	0	0	0	0	1	1	1	0	1	1	1
TOTAL	21	22	43	4	27	31	278	79	278	224	128
%	48,84	51,16	12,22	12,90	87,10	8,81	78,98	28,42	78,98	63,64	36,36

5.2 Fisioterapia

As unidades de fisioterapia que a Área de Benestar, Saúde e Deporte ten en cada un dos tres campus realizaron durante o curso 2018/2019 un total de 354 sesións de fisioterapia atendendo doenzas e patoloxías derivadas fundamentalmente de malos hábitos posturais e dunha insuficiente actividade física.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Persoas	16	10	26	16	17	33	28	31	59	60	58	118
%	61,5	38,4	22,03	48,4	51,5	27,9	47,4	52,5	50	50,85	49,15	100
Sesión realizadas	78	60	138	56	47	103	56	57	113	190	164	354
%	56,5	43,4	38,9	54,3	45,6	29,1	49,5	50,4	31,9	53,67	46,33	100

5.3 Actividades da Rede Española de Universidades Saudables

Día das Universidades Saudables - 4 de outubro

A Universidade de Vigo participou este curso na primeira edición do Reto5000 doazóns de sangue. Esta iniciativa foi impulsada pola Rede Española de Universidades Saudables co gallo do Día das Universidades Saudables que se celebrou o 4 de outubro.

Os resultados foron amplamente satisfactorios tanto na Universidad de Vigo, con 263 doazóns e 61 novas persoas doantes, como no conxunto da REUS con 2531 doazóns nun total de 25 Universidades diferentes e un 28,6 % de novas doantes.

Campaña de promoción do exercicio físico

Grazas ao convenio de colaboración asinado entre a Fundación Mapfre e a REUS este curso académico distribuíuse numeroso material de promoción do exercicio físico (carteis, trípticos, manteis, ...) en todas as universidades que así o solicitaron. Ademais, tamén se desenvolveron diferentes obradoiros prácticos sobre prevención de lesións, alimentación saudable ou control do estrés. No caso da Universidade de Vigo, o taller escollido foi un obradoiro de prevención de lesións e hixiene postural que se desenvolveu o 28 de novembro no campus de Vigo e que contou coa participación de 14 persoas (5 homes e 9 mulleres).



EVENTOS

6.1. Organización pola Área de Benestar, Saúde e Deporte

6.1.1. Campus de Ourense

VI Torneo Internacional de Xadrez «Campus de Ourense»

A competición desenvolveuse do 1 ao 7 de xullo de 2019 no pavillón universitario do campus de Ourense. Participaron 79 persoas e tamén 14 GM e IM de oito nacionalidades distintas.

O torneo foi válido para Normas Internacionais de Xadrez, Elo Fide e Elo Feda e desenvolveuse polo sistema suízo de nove rondas.

A competición, que contou coa colaboración do Concello de Ourense, a Deputación Provincial e a Delegación de Deportes da Xunta en Ourense, entregou os seus premios, cunha dotación total de 6000 euros. Proclamándose campión Marius Manolache xogador do equipo Medicina Timisoara, de Romanía, o segundo posto correspondeu a Arián González, xogador de orixe cubana actualmente estudante da Universidade de Vigo e membro do equipo Liceo Ourensán, e o terceiro foi para Karen H. Grigoryan, de Armenia. En total entregáronse 23 galardóns en diferentes categorías.

Campionato Copa Deputación de Xadrez Lóstrego

A competición provincial tivo lugar o 13 de outubro de 2018 no Edificio de Ferro do campus de Ourense. Esta modalidade lóstrego disputouse polo sistema suízo a sete rondas, cun total de 80 participantes. A campioa da categoría feminina foi Elvira Jing Negreira e o campión da categoría masculina foi Alejandro de León.

Torneo Activo Campus Ourense 2018

Esta competición celebrouse o domingo 14 de outubro, tamén no Edificio de Ferro do campus de Ourense. O sistema utilizado no torneo foi o suízo a seis rondas, cun total de 52 participantes. Xabier Gómez proclamouse campión da categoría masculina e Pura Diéguez como campioa da categoría feminina.

Campionato Galego Universitario de Orientación

Cenlle, 4 de maio

A organización do Campionato Galego Universitario de Orientación correu a cargo nesta ocasión da Área de Benestar, Saúde e Deportes da Universidade de Vigo e da sección de orientación do Club Peña Trevinca Barco, contando coa colaboración da Federación Galega de Orientación.

As e os representantes da Universidade de Vigo impuxéronse na categoría por equipos e acadaron catro medallas individuais. Teresa Bellón e Vicente Pastoriza proclamáronse campións universitarios nas súas respectivas categorías, e Isabel Pastoriza e Germán Perez conseguiron dúas medallas de prata.

Outros eventos

Xornadas Anti alcol: 27 de novembro

Acto en conmemoración do 20º aniversario das Rutas Culturais: 21 de febreiro

6.1.2. Campus de Pontevedra

XVI Maratón Solidario de Zumba

A 16ª edición do Maratón Solidario de Zumba celebrouse o 20 de decembro de 2018 co propósito de contribuír ao labor social que se desenvolve no comedor dos Pais Franciscanos en Pontevedra. Grazas á colaboración de 16 monitoras e monitores, puideron acudir a esta cita arredor de 150 persoas que doaron máis de 350 quilos de alimentos non perecedoiros, o que supuxo un récord de recollida neste evento.

CUIA (Campeonato Universitario Interautonómico):

O 12 de marzo de 2019 preto de 400 deportistas participaron no Campionato Universitario Interautonómico (CUIA) no Campus de Pontevedra, unha proba clasificatoria para os Campionatos de España de Deportes Colectivos 2019.

As modalidades, todas en categoría masculina e feminina, foron: balonmán, baloncesto, fútbol sala, fútbol, rugby e voleibol. As universidades participantes foron as seguintes: U. Oviedo, U. Cantabria, U. País Vasco, U. Deusto, U. Extremadura, U. da Coruña, U. Santiago De Compostela e U. Vigo.

A gran vencedora deste campionato foi a Universidade de Vigo, que acadou a vitoria en 6 das 12 modalidades disputadas: balonmán, baloncesto, fútbol sala e fútbol en categoría feminina e balonmán e fútbol na masculina. Grazas a estas vitorias acadaron a pasaxe para a fase final do Campionato de España nas súas respectivas modalidades.

No resto das modalidades, a U. da Coruña acadou a vitoria en rugby feminino e voleibol masculino, a U. Santiago de Compostela gañou en fútbol sala masculino, a U. de Deusto en baloncesto masculino e a U. do País Vasco acadou o primeiro posto en rugby masculino e en voleibol feminino.

6.1.3. Campus de Vigo

XXVII Gala do Deporte



A XXVII Gala do Deporte da Universidade celebrouse no auditorio do Concello de Vigo o 21 de novembro de 2018. O obxectivo deste evento é mostrar as vantaxes que achegan o deporte e a actividade física na vida diaria, tanto na universidade como ao seu arredor.

Nesta ocasión, o empresario Eduardo Vieira Montenegro actuou como padriño da Gala. A presentación foi encargada a Carlos Blanco, humorista e actor de recoñecido prestixio.

No transcurso da acto fixéronse entrega dos X Premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados cinco estudantes da Universidade (2 homes e 3 mulleres) que conciliaron con gran éxito a súa actividade académica e deportiva. Pedro Manuel Fernández Rodríguez, Jean Marie Okutu Kouletio, Tania Álvarez Yates, Leticia Fernández Barbosa, e Antía García Silva foron galardoados con este premio.

Os premios nas restantes categorías corresponderon a:

- *Recoñecementos especiais na universidade-Equipos*: mulleres do equipo de Orientación, equipo de carreiras populares e Uvigo Motorsport.
- *Recoñecementos especiais na universidade-Individual*: Carlos González Santórum e Fernando Franco Paz como fundadores do equipo de tenis Dereito -Empresariais de Ourense e a Salvador Fontán Vilella adestrador do equipo de taekwondo.
- *Recoñecemento especial ao Persoal propio da Universidade de Vigo*: Isabel Pastoriza Santos (Doutora de Ciencias Químicas pola Universidade de Vigo e atleta do equipo de Orientación).
- *Mención Especial á Persoa titulada*: Marcos Casal Grajal (Graduado en Educación Especial pola Universidade de Vigo e presidente da Federación Galega de Deporte Adaptado).
- *Mención Especial á Mellor Entidade Colaboradora*: Coca Cola European Partners.
- *Mención especial ao Fomento do Valores Sociais*: delegación de Alumnado da Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- *VII Premio Valor Solidario*: David Gil - 700 Camisetas contra la leucemia.

- *VII Premio VIDA á traxectoria persoal e deportiva:* Agrupación de antigos xogadores do Real Club Celta de Vigo.
- *Mención especial ao fomento da Iniciación Deportiva:* Club Peña Trevinca-Montañeiros de Galicia.
- *Mención especial ao deportista universitario do ano:* Jean Marie Okutu Kouletio (Atleta olímpico do Fútbol Club Barcelona)

No que se refire ás actuacións, buscouse contribuír á produción dun acto áxil e entretido, pero tamén formal e protocolario, e empregouse a estratexia de dividir en bloques ás entregas de premios con tres actuacións, dúas actuacións musicais a cargo do grupo Igloo e un monólogo humorístico a cargo do presentador do acto.





13ª HAPPY GO RUNNING - CIDADE UNIVERSITARIA VI Carreira Universitaria Galaico-Duriense contra a Droga 27 de abril de 2019, Campus de Vigo

A Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo organizou sábado 27 de abril a 13ª edición da súa particular carreira universitaria: a HappyGoRunning - Cidade Universitaria, un evento desenvolvido ao redor do complexo universitario vigués.

A súa vez, esta será a sexta edición da Carreira Galaico-Duriense Móvete contra a Droga a través da colaboración das universidades de Galicia e do norte de Portugal coa Fundación Galega contra o Narcotráfico.

A carreira contou con tres modalidades de participación (andaina e carreiras en circuíto 6,6K ou 10K), o que permite que todas as persoas asistentes gocen do evento independentemente da súa condición física, para facer real o lema da carreira, pasar un día coa felicidade como protagonista. Ademais das competicións individuais, este ano presentouse unha nova competición por centros, na que as facultades competiron por equipos para custodiar o título de campus gañador da carreira durante un ano.

A carreira de 10K forma parte, como edicións anteriores, do Circuíto de Carreiras Populares RunRun Vigo.

O photocall da felicidade, o servizo de ludoteca, a presenza do periodista Terio Carrera como presentador/animador, o sorteo de agasallos e a participación do grupo de batucada Bate no Cobre foron algunhas das actividades destacadas no que se refire ao aspecto máis lúdico do evento.

Mención especial merece o labor organizativo do club de montañismo Peña Trevinca, pois encargouse dos labores de planificación do percorrido, publicidade e disposición de voluntarios para guiar ao grupo na andaina. Así, nesta edición de 2019 tomaron parte preto de 70 persoas.

En canto ao carácter solidario do evento, un euro de cada inscrición foi destinada á Fundación Galega contra o Narcotráfico para o Proxecto Movendo Camiños, iniciativa da Asociación Érguete. A cantidade finalmente aportada foi de 460€.

No que se refire á participación Galaico-Duriense, estiveron presentes 3 campus, e o campus de Vigo alzouse como gañador desta edición.

Participantes inscritos/as da comunidade universitaria:

Total: 71 (40 na carreira de 10 km, 17 na de 6,6 km e 14 na andaina).

A clasificación xeral dos/as primeiros/as clasificados/ na clasificación xeral é a que se amosa a continuación:

Podium femenino

1º	Ester Nararrete Santana	00:34:40
2º	Leticia Fernández Barbosa	00:36:15
3º	Sandra Mosquera Losada	00:37:11

Podium masculino

1º	Borja Jerónimo García Martínez	00:31:08
2º	Daniel Bargiela Araujo	00:32:29
3º	Victor Hugo Pacheco Martínez	00:33:45



XVIII Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación

A contorna dos piñeirais das praias canguesas de Barra e Nerga acolleron o 15 de xuño de 2019 o Trofeo Universidade de Vigo de Orientación, que constituíu a 4ª proba da XXVIII Liga Galega e 3ª proba da 1ª Liga Interrexional Galicia norte de Portugal, organizada polo club de orientación da Universidade de Vigo.

En total, competiron no Morrazo 261 orientadoras e orientadores chegados das catro provincias galegas e de Portugal, que tiveron a oportunidade de gozar orientándose nunha contorna espectacular polos seus bosques de piñeiros.

A dificultade dos trazados, 14 en total, residiu na rápida toma de decisións, boa elección de ruta e un bo nivel de condición física.

O club da Universidade de Vigo acadou tres primeiros postos da man de Ana Iglesias, Vicente Pastoriza e Diego Pérez, que se alzaron no máis alto do podio nas categorías M-40, F-40 e M-14. Ademais, o equipo universitario sumou os resultados de Germán Pérez e Enrique Fuertes, que na categoría M-45 ocuparon os postos 4º e 5º respectivamente. Os podios das categorías elite foron para orientadores e orientadoras dos clubs Aromón, Budiño Raid, Limia Activa, COC COC (Portugal) e Obxectivo Trail Vigo.

Este plano polos areais de Barra e Nerga foi levantado pola Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo en 2008, pero ata esta fin de semana a institución académica non puidera organizar unha proba nesta contorna natural de alto valor. Precisamente polos esforzos en respectar estes espazos no transcurso da carreira, a organización recibiu a felicitación dos responsables medioambientais da supervisión do evento.





6.2. Coa colaboración da Área de Benestar, Saúde e Deporte

6.2.1. Campus de Ourense

Máster Class Solidaria de Zumba:

O xoves 13 de decembro de 2018 organizouse unha Master Class Solidaria de Zumba en colaboración con AQA Ourense. As persoas participantes tiñan que traer un xoguete ou un quilo de alimentos para poder participar. O obxectivo foi contribuír á campaña de recollida de alimentos, xoguetes e libros que se organiza en colaboración co Banco de Alimentos, coa Cruz Vermella e coa Asociación Xuvenil Amencer.

Peche das escolas deportivas:

O 29 e 30 de maio de 2019 celebráronse unhas sesións especiais de zumba e bicicleta estática de balde en colaboración con AQA Ourense. Esta programación, que se desenvolveu no exterior do pavillón de deportes do campus, incluíu unha masterclass de zumba e outra de bicicleta estática. Arredor de 120 persoas participaron neste peche das actividades.

VIII Trofeo Club Deportivo Aurum:

Arredor de 400 persoas participaron o domingo 24 de marzo nunha competición na que as probas de marcha tiveron un gran protagonismo, co obxectivo de fomentar a práctica desta actividade na cidade.

O torneo foi organizado polo Club Deportivo Aurum coa colaboración da Vicerreitoría do Campus de Ourense, da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e co patrocinio do Consello Municipal de Deportes do Concello.

O presidente do Club Deportivo Aurum agradeceu a colaboración da Universidade de Vigo nesta cita e gabou as boas condicións das pistas de atletismo do campus de Ourense.

Outros eventos

- *20 de setembro* - Xornada de iniciación ao roller derby 2018
- *4 de outubro* - Día Mundial das Universidades Saudables
- *27 de outubro* - Zumba Fitness patrocinado por +Deporte La Región
- *25 de novembro* - Exhibición Roller Derby
- *8, 9 e 10 de febreiro* - Curso De Zumba
- *22 de marzo* - Participación Día Mundial Do Auga
- *6 de abril* - Xornada De divulgación das matemáticas na Praza Maior de Ourense organizadas polas asociacións de profesores Enciga e Agapema

- *18 de maio* - Athletics Meeting Ourense Termal
- *16 de xuño* - II Open de Marcha Nórdica Campus Da Auga - Cidade de Ourense
- *16 de xuño* - V Travesía a nado - encoro Os Peares
- *18 de xuño* - XOU: Xornada de portas abertas organizada pola Área de Captación de Alumnado da Universidade de Vigo (Pavillón Universitario de Deportes Campus Ourense)
- *8 a 12 de xullo* - Campus Baloncesto Escola Deportiva Ourense (Pavillón Universitario de Deportes Campus Ourense)

6.2.2. Campus de Vigo

- Torneo de rugby escolar no que participaron 400 xogadores e xogadoras.
- Campus Camp: nenas e nenos dos colectivos PDI e PAS de entre 6 e 13 anos puideron usar as instalacións da Área de Benestar, Saúde e Deporte para o desenvolvemento de actividades lúdico-deportivas.
- Torneos de San Teleco de fútbol Sala, baloncesto e tenis de mesa organizados pola delegación de alumnos do centro.
- Torneo de Santa Bárbara de fútbol sala e Carreira de Santa Bárbara, organizados pola delegación de alumnado da Escola de Minas.
- Clases de Expresión Corporal e Danza do Master en Artes Escénicas da Universidade de Vigo.
- II Xornadas de orientación universitaria para alumnado de Bachalerato organizado pola Vicerrectoría de Estudantes, no que participaron 1000 xoves.
- Realización do Outdoor Campus, organizado pola Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Masterclass de zumba e Hip Hop organizado polo CDU dentro do día mundial da actividade física
- Seminario de kárate. Organizado pola Escola Shotokan.
- III Torneo Minerxético organizado pola Delegación de Alumnado de Minas e Enerxía.

6.3. Sedes doutras actividades e eventos

6.3.1 Campus de Ourense

- *1 e 2 de setembro de 2018* - Curso de arbitraje da Federación Española de Rugby
- *5 de setembro 2018* - Etapa vuelta ciclista a España 2018
- *9 de setembro de 2018* - Correndo por Ourense
- *1 de outubro de 2018* - Curso de drones - escola aeroespacial
- *28 a 30 de novembro de 2018* - Xornadas club alpino
- *19 e 20 de xaneiro de 2019* - Campionato de España remo indoor - inorde
- *15 e 22 de xuño de 2019* - Xornadas da 36 Copa Deputación Provincial de Atletismo (pistas atletismo campus universitario)
- *16 ao 19 de xullo de 2019* - Campus de amencer
